

DIA DAS LETRAS GALEGAS

2017

“CARLOS CASARES”

GUIA DIDÁCTICA

BIOGRAFÍA

Carlos Casares Mouriño nace en Ourense, o 24 de agosto de 1941, pero aos 4 anos marchou a Xinzo de Limia, onde o seu pai, Francisco Casares, traballaba de mestre. O futuro escritor vive nun ambiente entre aldeán e vilego, en permanente contacto cunha extensa familia espallada por distintos puntos da comarca, con casas en Lamas, Beiro e Sabucedo, ademais de no propio Xinzo, nas que pasará longas tempadas. É un mundo que Casares recordaría sempre con gran viveza e que reaparecerá unha e outra vez na súa obra literaria.

Alí inicia tamén unha relación moi natural e básicamente divertida co cine e coa radio, coa literatura e co fútbol, co xogo e cos xoguetes en miniatura que el mesmo construía. Foi unha infancia moi feliz, enmarcada por unha natureza espléndida, polo calor familiar e polo contacto co misterio.

Na familia materna abundan as vocacións eclesiásticas. A nai, Manuela Mouriño, era unha muller moi relixiosa, mentres que o pai era home de ideas liberais e máis escéptico que non se entusiasmou coa decisión materna de enviar a Carlos a estudar ao Seminario de Ourense, no que ingresou no ano 1952. Carlos publicou no Seminario un periódico chamado “El Averno”, do que foi director e único redactor. O contacto co profesor de Literatura Agustín Mardanás foi decisivo para súa vocación de escritor.

Xa fora do Seminario presentouse a un concurso provincial de relatos breves, e ganouno.

Foi Arturo Lezcano quen o levou a coñecer a Vicente Risco que formará parte do xurado e que eloxiou vivamente os seus escritos. Foi o principio dunha breve amizade, xa que Risco morreu en 1963, amizade que cultivada día a día na tertulia do café Parque, ou no Volter, xunto con outros escritores e artistas como Prego Oliver, Ferro Couselo, Xaime Quesada, Antón Tovar, Conde Corbal, Xaquín Lorenzo, Xosé Luis de Dios, Julio Gimeno, Acisclo Manzano, Arturo Baltar, e José Luis López Cid.

Os anos 60 comenzan na vida de Carlos coa marcha de Ourense a Compostela, onde entra rápidamente en contacto co grupo de estudantes galeguistas nucleados en torno a Ramón Piñeiro.

Casares publica en 1967 “Vento Ferido”, un libro de relatos xuvenís que soportarán rexamente o paso do tempo e que aínda hai pouco tempo mereceron as honras da publicación en lingua inglesa. Un ano máis tarde gaña o primeiro concurso de relatos convocado pola Asociación Cultural “O Facho” con “A Galiña Azul”, un conto para nenos que reflicte moi ben o espírito comprometido e libertario dunha época negadora de convencións e uniformismos.

A década acaba mal para Carlos Casares; no seu primeiro traballo nun colexio de Viana do Bolo, é acusado de comunista por pretender que os nenos pobres da vila puideran acceder gratuitamente aos servizos do comedor escolar, poñendo de manifesto durante esta batalla unha rede de impresentables corruptelas. O conflito, con obra de teatro escolar por medio, remata con Casares expedientado, despedido e inhabilitado para impartir docencia en toda Galicia, polo que ten que marchar a Bilbao.

Hoxe aquel colexio de Viana do Bolo chamase instituto “Carlos Casares”. No ano 1971, nun tres que se dirixe a Santiago de Compostela, coñece a Cristina Berg, unha rapaza sueca que navega por Galicia.

O casamento prodúcese en Ourense pouco despois, esto abríralle a Carlos as portas de Suecia, país que acabará coñecendo moi ben e que se convertirá nun modelo ideal para Galicia.

Nestes anos afianzase como escritor publicando “As laranxas máis laranxas de todas as laranxas”, “xoguetes para un tempo prohibido”, “Os escuros soños de Clío”.

Traduce nesta época “O Principiño” e inicia unha longa colaboración coa prensa, primeiro na “Rexión”, de Ourense e a partir de 1975 en “La Voz de Galicia”.

En 1977 ingresa na Real Academia Galega RAG.

En 1982 foi elixido deputado no parlamento de Galicia.

Participou na redacción da Lei de Normalización Lingüística, e no ano 1985 Ramón Piñeiro o propón como director da Editorial Galaxia, cargo que desempeñará ata a súa morte.

A partir de 1992 empezou a publicar no xornal “La Voz de Galicia” a súa columna “Á marxe”. O éxito sorprendeu a Casares e ao propio periódico: nunca antes unha columna escrita en galego chegara a aparecer entre as máis tenazmente lidas e preferidas polos lectores de “La Voz”. Gracias a “Á marxe” Casares deixa de ser tan só un escritor coñecido e respectado para pasar a converterse nunha figura popular e querida.

Ademais de dirixir Galaxia e a revista Grial, preside o PEN Clube de Galicia e o Consello da Cultura Galega, forma parte do Padroado da Fundación Caixa Galicia, dirixe os cursos de verán da Fundación Camilo José Cela, participa activamente na vida da Real Academia Galega (RAG), imparte conferencias, escribe prólogos, visita colexios e institutos, presenta libros e asiste a innumerables actos oficiais.

O día anterior a súa morte entregou en Galaxia a versión definitiva de “O sol do verán”. Os que estiveron con el no hospital contan que, minutos antes de morrer, bromeou e mesmo botou algunha risa. Era o 9 de marzo de 2002 pola mañanciña.

A SÚA OBRA

Narrativa adulta

Vento ferido (1967)
Cambio en tres (1969)
Xoguetes para un tempo prohibido (1975)
Os escuros soños de Clío (1979)
Ilustrísima (1980)
Os mortos daquel verán (1987)
Na marxe de cada día: follas dun diario (1994)
Deus sentado nun sillón azul (1996)
Un país de palabras (1999)
O sol do verán (2002)

Narrativa infantil

A galiña azul (1968)
As laranxas máis laranxas de todas as laranxas (1973)
O can Rin e o lobo Crispín (1983)
Lolo anda en bicicleta (1996)
O galo de Antioquía (1994)
Un polbo xigante (2000)
Este é Toribio (1991)
Toribio contra o profesor Smith (1991)
Toribio e o contador de contos (1991)
Toribio ten unha idea (1992)
Toribio revoluciona o tráfico (1994)

Ensaio e xornalismo

Á marxe

CRONOLOXIA DA VIDA E OBRA

1941 – Nace en Ourense o 24 de agosto

1944 – Trasládase a Xinzo de Limia, onde o seu pai e mestre

1952 – ingresa no seminario de Ourense

1959 – Tertulias literarias en Ourense con Vicente Risco, Prego Oliver, Ferro Couselo, Xaime Quesada, Antón Tovar, Conde Corbal, Xaquín Lorenzo, Xosé Luis de Dios, Julio Gimeno, Acisclo Manzano, Arturo Baltar, José Luis López Cid, Arturo Lezcano nos cafés Parque, Miño ou Volter.

1961 – Chega a Santiago de Compostela para estudar Filosofía e Letras incorporándose ao grupo de galeguistas de Ramón Piñeiro.

1967 – Publica Vento Ferido.

1968 – Gaña o premio do concurso de relatos convocado pola Asociación Cultural “O Facho” da Coruña, con A Galiña Azul.

1969 – Comeza a impartir docencia no Colexio Público de Viana do Bolo. Acusado de comunista é expedientado e inhabilitado para a docencia e n Galicia. Marcha a Bilbao.

1971 – Casa con Cristina Berg

1975 – Publica Xoguetes para un tempo prohibido, obra que resulta premiada no certame de novela que convoca Editorial Galaxia para conmemorar o 25 aniversario da súa fundación. Comenza a publicar no xornal La Voz de Galicia a sección “A ledicia de ler”.

1976 – Recibe o premio da Crítica Española por “Xoguetes para un tempo prohibido”.

1977 – Ingresna na Real Academia Galega.

1979 – Publica “Os escuros soños de Clio”.

1980 – Publica “Ilustrisima”.

1982 – Deputado no parlamento de Galicia como galeguista independente.

1983 – Recibe o premio “Fernández Latorre” de xornalismo, concedido polo xornal La Voz de Galicia. Viaxa a URSS invitado pola Unión de Escritores da Unión Soviética, impartindo conferencias e participando en seminarios xunto con outros escritores como Manuel Vázquez Montalbán e Joan Perucho.

1984 – Sae a edición en castelán de Os escuros soños de Clio.

1985 – Faise cargo da dirección xeral de Editorial Galaxia.

1986 – Sae a edición en castelán de Ilustrisima.

1987 – Publica “Os mortos de aquel verán”, en galego e en castelán.

1990 – Morre Ramón Piñeiro.

1991 – Comenza a publicar a serie de contos infantis Toribio, cos títulos Este é Toribio, cos títulos Este é Toribio, Toribio contra o profesor Smith e Toribio e o contador de contos. Recibe o premio literario “Ánxel Fole”. Publica o estudo Ramón del Valle-Inclán: Zwischen

Dekadenzichtung und moralischer Satire en “Spanische Literatur” (Suhrkamp).

1992 – Comenza a publicación diaria da columna “Á marxe” no xornal “La voz de Galicia”. Publica Toribio ten unha idea. Sae a súa edición de Poesía galega completa de Manuel Curros Enríquez. En colaboración con Xesús Alonso Montero, publica Vida obra e miragres de Xan da Cova.

1993 – Publica Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia. Sae a tradución ao catalán de Ilustrísima. Resulta nomeado membro vitalicia da Comisión Rectora do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

1994 – Publica Na marxe de cada día, unha escolma de artigos de “A marxe”, O galo de Antioquía e Toribio revoluciona o tráfico.

1995 – Recibe en Celanova o Premio Casa dos Poetas e o Premio Julio Camba de periodismo. Obtén unha bolsa para escritores do “Literarisches Colloquium” para gozar dunha estancia en Wansee (Alemaña) onde escribe boa parte de Deus sentado nun sillón azul, que será publicado este mesmo ano. Publica Guía da provincia de Pontevedra: arte, cultura, gastronomía con fotografías feitas polo autor. Colabora cun relato no libro Cuentos de fútbol. É nomeado presidente do “PEN Clube Escritores de Galicia”.

1996 – Publica Lolo anda en bicicleta, en galego e catalán e A vida de Ánxel Fole. É elixido presidente do Consello da Cultura Galega.

1997 – É distinguido con Premios da Crítica de España e de Galicia por “Deus sentado nun sillón azul”. É nomeado Delegado de España en Galicia do Alto Comisariado das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR). Participa nun encontro de escritores españoles e cubanos en La Habana invitado polo Ministerio de Cultura.

1998 – Publica “Un país de palabras”. É nomeado director dos cursos de verán da Fundación Camilo José Cela. Imparte un curso de Literatura no Graduate Center da City University de Nueva York. É finalista do Premio Nacional de Narrativa.

1999 – Publica Hemingway en Galicia e a tradución ao galego de “O vello e o mar”. Obtén por segunda vez o Premio da Crítica Galega.

2000 – Participa no Expreso da Literatura Europea, unha experiencia organizada pola UNESCO, a Secretaria do Consello de Europa e a Comisaria de Cultura e Educación da Unión Europea, con outros 80 escritores que durante mes e medio percorre Europa desde Lisboa ata San Petersburgo. Publica “Un polbo xigante” e o minilibro “Biografía de D. Juan de la Coba”. Traduce ao galego “La Bella Otero”, de Gonzalo Torrente Ballester.

2001 – Publica a biografía “A vida de Padre Sarmiento”, e sae a edición en catalán de “Deus sentado nun sillón azul”.

2002 – Aparece a novela postuma “O sol do verán”, e a Xunta de Galicia publica a súa conferencia Gonzalo Torrente Ballester. O escritor, o amigo.

Sae Galicia, nai e Señora, obra da que é coautor. Recibe a título póstumo o Premio Roberto Blanco Torres de periodismo. O 9 de setembro constitúese a Fundación Carlos Casares.

REFLEXIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DA SEGUNDA METADE DO SECULO XX

A partir de 1960 prodúcese un conxunto de cambios no ámbito económico e social de Galicia.

A aparición de publicacións como “Grial”, a celebración do “Día das Letras Galegas”, (desde o 1963) a fundación de “Edicións do Castro”, así como o rexurdimento de novas asociacións culturais en defensa do idioma galego “O Facho”, “O Galo”, La Asociación Cultural de Vigo, o Ateneo de Ourense...

A universidade galega non quedou á marxe destas inquietudes creando a partir de 1965 a Cátedra de Lingua e Literatura Galega a cargo de Ricardo Carvalho Calero. Seis anos despois naceu o Instituto da Lingua Galega cunha obra investigadora, didáctica, docente, divulgadora e normativizadora desenvolvida ata a actualidade.

A produción literaria galega comenza unha base sólida: “Longa noite de pedra” (1962), de Celso Emilio Ferreiro, representa a liña social e cívica caracterizadora da poesía galega da década dos 60.

Lueiro Rey, Bernardino Graña e Manuel María, nova narrativa galega, Xavier Carro, Carlos Casares etc. son algúns dos autores desta lírica que tenta de conxugar o discurso político co literario.

Nos anos 70 e 80 Galicia pasa de ser un país produtor de poesía a interesar e implicar a moita mais xente na literatura, producindo diversos tipos de ensaio sociolingüista e literario – Basilio losada, Francisco Pillado-, teolóxico e relixioso – Andrés Torres Queiruga, Chao Rego-, filosófico –Martínez Marzoa-, histórico – Ramón Villares, Felipe Senén, Xosé Ramón Barreiro, pasando por libros, crónicas políticas, revistas etc.

Co reximen democrático Galicia convertese en Comunidade Autónoma, tendo como linguas oficiais o galego e o castelán.

Paralelamente cunha lexislación reguladora dos usos do idioma, chegábase a elaboración dunha lingua estándar, por riba das diferencias dialectais. O instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega propuseron no ano 1982 as “Normas Ortográficas e Morfolóxicas do idioma galego”, que alcanza un carácter oficial coa promulgación da “Lei de Normalización Lingüística”. A revisión e actualización máis recente destas normas é do ano 2003.

No ano 1981 se aproba o Estatuto de Autonomía que senta as bases dunha recuperación lingüística e cultural.

No ano 1985 creábase a Televisión de Galicia (TVG) e a Radio Galega.

A televisión é unha canle fundamental para manter a presenza da lingua galega nos medios de comunicación audiovisuais e contribuír á súa normalización nese eido, en tanto que a radio ten o mérito de manter un servizo radiofónico monolingüe de calidade e con interese pola cultura propia.

Estes dous medios audiovisuais son referentes no ámbito dos medios de comunicación actuais e presentan índices de audiencia aceptables.

Foi a TVG a que rachou con mais tópicos e prexuízos mostrando as persoas de diversas nacionalidades e épocas falando en galego.

O proceso de normalización non está rematado e a situación da lingua galega sendo a maioritaria entre os galegos e galegas continúa a ser minorizada polo que podemos concluír que a mellora das actitudes cara á lingua non mudou substancialmente os efectos do conflito lingüístico.

O ILGA representa a institución académica máis viva e productiva durante unha década (anos 80) para fornecer de base científica a recuperación da lingua galega e divulgar o seu traballo a nivel social con criterios prácticos.

OURENSE

O orixe da cidade é romano, aínda que existen dúbidas sobre a etimoloxía do topónimo Ourense (Auriense, a cidade do ouro)

Na época romana construíuse unha ponte sobre o río Miño da vía XVIII que unía Brácaro Augusta y Austirica Augusta.

A principios do século XIX é unha pequena cidade de fidalgos, artesáns e relixiosos destacando a figura do cardeal Quevedo que forma parte das Cortes de Cadiz.

A designación como capital provincial e a chegada do ferrocarril impulsa a aparición da burguesía resultando unha cidade eminentemente comercial e administrativa.

Actualmente Ourense é un importante nó de comunicacións tanto de autoestradas como de ferrocarril.

Hoxe é a 3ª cidade de Galicia en número de habitantes.

DEBUXOS

A mostra consta de 10 carteis que identifican a época e tentan interpretar a súa vida e obra.

Os carteirs foron feitos sobre cartolina con ceras brandas, lapis,

carboncillo etc.

A realización dos carteirs implicou un traballo de investigación na aula por parte dos Mestres, así como do alumnado, manipulativo na realización dos carteis e de traballo dixital na súa postproducción.

Os obxetivos que pretendemos son.

- a) Potenciar a interpretación da vida e da obra de Carlos Casares Mouriño.**
- b) Coñecer a realidade socio-cultural da época.**
- c) Motivar ao estudiantado sobre a investigación dos nosos ilustres devanceiros.**
- d) Fomentar a valoración das contribucións individuais e colectivas na dignificación e normalización da lingua galega.**
- e) Impulsar a realización de actividades que fomenten a colaboración interdepartamental e que potencien a implicación de profesorado e alumnado.**
- f) Fomentar e difundir unha visión persoal por parte da comunidade educativa sobre a figura de Carlos Casares Mouriño.**
- g) Divulgar materiais en lingua galega.**

CARTEL 1

1941 NACEMENTO

Descrición do contexto do cartel

Ourense

Actividades vinculadas á investigación da figura de Carlos Casares

Onde naceu Carlos Casares

Pescuda cal era o seu segundo apelido

Cal é a data do seu nacemento

Investiga a orixe do nome de Ourense

Actividades vinculadas á investigación de coñecemento do contexto

Completa o seguinte texto:

Carlos _____ Mouriño naceu en Ourense

O día 24 de _____ do ano 19 ____

A que provincia pertence Xinzo de Limia

Po que de neno Carlos Casares se despraza a Xinzo de Limia.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

O personaxe máis importante dos seus contos infantís chamase TORIBIO, busca o nome nesta sopa de letras.

Angotikmgokuengutom

Jkirjiohnytffbopluyulkjx

Lkjdurtoribiokmghnloee

Plkdsgtwvciwifijjneomn

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas.

Debuxa a unha paisaxe de Ourense co río Miño

Tenta facer un debuxo do Seminario de Ourense.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha pequena redacción de cómo sería a vida en Ourense na época da xuventude de Carlos Casares.

CARTEL 2

ESTUDOS EN OURENSE E SANTIAGO DE COMPOSTELA

Descrición do contexto do cartel

Cursou o bacharelato en Ourense e logo marchou a Santiago de Compostela para realiza-la carreira de Filosofía e Letras no ano 1961.

Actividades vinculadas á investigación da figura de Carlos Casares.

Explica como cres que sería a vida dun mozo nos anos 50

Explica como cres que sería a vida cotiá dun estudante universitario en Santiago nos anos 60.

Averigua cales eran os principais lugares de ocio en encontros, tertulias etc., naquela época, en Santiago de Compostela.

Que pensas que significou Santiago e Ourense na vida de Carlos Casares Mouriño.

Actividades vinculadas á investigación e ao coñecemento do contexto

Procura información sobre o edificio que albergaba a facultade de Filosofía e Letras, e Dereito nos anos 60 do século pasado.

Busca información sobre o galleguismo dos anos 50 e 60

Indaga sobre a sociedade galega de posguerra.

Actividades que fomenten as destrezas manipulativas

Debuxa a antiga facultade de Filosofía e Letras e Dereito

Debuxa algún edificio representativo de Santiago ou Ourense.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha redacción sobre Santiago de Compostela

CARTEL 3

OBRA

O galeguismo é unha corrente intelectual co obxectivo de perpetuar, mediante a defensa e a promoción activas, a cultura e a identidade propias de Galicia en todas as súas manifestacións: lingua, literatura, música, folclore, gastronomía, tradicións.

Descrición do contexto do cartel

Entre a súa extensa obra destacamos:

Artigos en xornais

Narrativa adulta

Narrativa infantil

Actividades vinculadas á investigación da figura de Carlos Casares

Cita alomenos dúas obras de Carlos Casares.

Actividades vinculadas á investigación e ao coñecemento do contexto

Enche con vogais e escribe o nome dun persoeiro coñecido de Carlos Casares da literatura infantil: _ G _ L _ Ñ _ _ Z _ L

Informate sobre os ríos que pasan por Ourense.

Cal é a distancia entre Ourense e Santiago.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Debuxa a Carlos Casares.

Debuxa un mapa de Galicia sinalando Xinzo de Limia, Ourense e Santiago.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha redacción sobre a provincia de Ourense (ciudades mais importantes, tipos de industria .

CARTEL 4

DIA DAS LETRAS GALEGAS

Descrición do contexto do cartel

O día das letras galegas e unha celebración instituída en 1963 pola Real Academia Galega (RAG) para homenaxear a aquelas persoas que salientasen pola súa creación literaria en idioma galego ou pola súa defensa dela.

Cada ano adicase a un persoeiro diferente, escollido pola RAG, tendo en conta que teñen que pasar alomenos 10 anos desde o seu pasamento.

A data de celebración é o 17 de maio de cada ano coincidindo coa publicación de “Cantares Gallegos” de Rosalía de Castro o 17 de maio de 1863.

Actividades vencelladas á investigación de Carlos Casares

Cales serían os criterios da RAG para homenaxear no ano 2017 a Carlos Casares.

Pescuda sobre a Real Academia Galega (RAG)

Actividades vinculadas á investigación e ao coñecemento do contexto

Pescuda a quen se adica por primeira vez o día das letras galegas e en que ano.

Todos estes escritores foron homenaxeados o día das letras galegas.

Remata de escribir os seus nomes.

G__NZ__L__ L__P__Z __B__NT__

L__S P__M__NT__L

FR__NC__SC__ __Ñ__N

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Debuxa a Carlos Casares.

Debuxa a Rosalía de Castro

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha pequena redacción sobre os criterios que ti porías para homenaxear a un escritor o día das Letras Galegas.

CARTEL 5

FUNDACIÓN CARLOS CASARES

Descrición do contexto do cartel

Contitúese ofialmente o 9 de setembro do 2002 e comenza a súa actividade o 18 de marzo do 2003.

Kistina Berg, viúva de Carlos Casares, foi a primeira presidenta da Fundación, encargándose dende o primeiro momento de velar pola memoria do escritor e dos obxetivos fundacionais.

Obxetivos:

Velar polo estudo e difusión da obra literaria de Carlos Casares, así como pola preservación e a continuidade da súa biblioteca, o seu arquivo e as súas coleccións.

Promover e difundir o legado do escritor no que se refire ao desenvolvemento cívico, social e cultural de Galicia, propiciando unha cultura cidadá que teña como eixes principais a comunicación, o diálogo e mais a tolerancia.

Constituírse como entidade mediadora entre a cultura galega e a cultura universal desde criterios de apertura, pluralismo e respecto á diversidade cultural.

Realizar toda clase de actividades que contribúan ao proceso de normalización lingüística e cultural de Galicia, especialmente naquelaas áreas vinculadas á vida e á obra de Carlos Casares.

Actividades vencelladas á investigación de Carlos Casares

Cal é o seu nome completo.

Onde e cando naceu

Como se chamaba a súa dona.

Cal foi o seu primeiro libro.

Onde faleceu

A que idade.

Actividades vinculadas ao coñecemento do contexto

Que pensas que pode aportar a Casa-Museo a cultura galega.

Pescuda o que é unha fundación.

Cal pensas que sería a liña didáctica expositiva da Casa-museo.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Debuxa a casa-museo de Carlos Casares

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha redacción, se fuches algunha vez a unha Casa-museo, e se nunca fuches sobre algún museo que visitaras.

CARTEL 6

ACNUR

Descrición do contexto do cartel

No ano 1997, é distinguido con Premios da Crítica de España e de Galicia por “Deus sentado nun sillón azul”. É nomeado Delegado de España en Galicia do Alto Comisariado das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR). Participa nun encontro de escritores españoles e cubanos en La Habana invitado polo Ministerio de Cultura.

Actividades vencelladas á investigación de Carlos Casares

Explica brevemente o que é ACNUR.

Escribe o nome da súa primeira obra.

Pescuda en que ano escribiu “Deus sentado nun sillón azul”.

Actividades vinculadas ao coñecemento do contexto

Explica como se fai un libro

Cal é a diferenza entre prosa e verso

Que son escritos inéditos.

Cita unha obra de Carlos Casares e fai unha pequena psinose.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Tenta debuxar un campamento de refuxiados

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha pequena redacción sobre os refuxiados

CARTEL 7

ASOCIACION DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA

Descrición do contexto do cartel

Foi fundada no ano 1980 por algún dos escritores mais sobranceiros da nosa historia literaria e dela forón membros Álvaro Cunqueiro, Rafael Dieste, Ánxel Fole, Ricardo Carballo Calero, Uxío Novoneyra, Antón Avilés de Taramancos, Manuel María, Xela Arias e Luisa Villalta, entre outros.

A AELG agrupa autores e autoras residentes tanto en Galicia como forá dela, asumindo como único requisito de afiliación a condición de contar cando menos cun libro individual publicado en lingua galega.

A asociación realiza unha serie de encontros anuais que forman parte da súa tradición, como é o “homenaxe ao escritor na súa terra” dedicada a sobrancear a traxectoria dun autor ou autora das nosas letras e na cal se planta unha árbore, se erixe unha pedra escultórica e se lle dedica unha rúa ou praza na súa terra natal.

Actividades vencelladas a investigación de Carlos Casares

Pescuda quen é o actual presidente da AELG

Ordena estas letras e escribe 3 contos de Carlos Casares.

ZULAALIÑAGA

NACNIREOBOLOPINCRIS

DEAINETBIOTORI

Actividades vinculadas ao coñecemento do contexto

Escribe o nome da primeira obra de Carlos Casares

No ano 1991 publicou 2 contos, escribe o título de un.

O primeiro conto foi A GALIÑA AZUL atopa neste rebumbio de números o ano en que se publicou.

98735649979

98625573783

51436739465
98765231968

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Debuxa a bandeira de Galicia.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha pequena redacción sobre o AELG.

CARTEL 8

TERTULIANO

Descrición do contexto do cartel

Tertuliano nos cafés Parque, no Miño ou no Volter, xunto con outros escritores e artistas como Prego Oliver, Ferro Couselo, Xaime Quessada, Antón Tovar, Conde Cordal, Xaquín Lorenzo, Xosé Luis de Dios, Julio Gimeno, Acisclo Manzano, Arturo Baltar, José Luis López Cid e Arturo Lezcano.

Actividades vencelladas á investigación de Carlos Casares

Conta o que é unha tertulia.

Que tipo de persoas estarían na tertulia de Carlos Casares.

Actividades vinculadas ao coñecemento do contexto

Porque pensas que a RAG adicoulle o día das letras galegas 2017.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Debuxa unha tertulia

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha pequena redacción sobre a historia da RAG

CARTEL 9

POLITICO

Descrición do contexto do cartel

No ano 1982, Casares sae elixido deputado ao Parlamento de Galicia pola circunscrición electoral de Ourense, presentándose como galeguista independente nas listas do PSdG-PSOE.

Nesta nadaina estivo acompañado por Ramón Piñeiro, Alfredo Conde e Benxamín Casal.

O parlamento estaba no salón nobre de Fonseca e presidido por Antonio Rosón. O espírito de consenso ao que tanto contribuíron os deputados galeguistas, deu froitos na aprobación da Ley de Normalización Lingüística.

Actividades vencelladas á investigación de Carlos Casares

Pescuda o que é un Deputado

Di cales son as actividades que realiza un Parlamento.

En que anos foi Deputado.

Actividades vinculadas ao coñecemento do contexto

pescuda cales foron os persoaxes cos que tivo relación de carácter literario e intelectual.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Debuxa o Parlamento de Galicia

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Dí o nome do actual Presidente do Parlamento de Galicia

CARTEL 10

ESCRITORES DE POSGUERRA

Descrición do contexto do cartel

O primeiro texto publicado en lingua galega despois da guerra civil foi a zarzuela ¡non chores Sabeliña! (1943) de José Traperero Pardo, o seguinte foi o poemario de Aquilino Iglesia Alvariño “Cómaros Verdes” (1947).

En poesía sulñamos a laboura literaria de Emilio Pita, Luis Seoane e Lorenzo Varela.

En narrativa novelas de Silvio Santiago e Ramón Valenzuela.

A situación da literatura galega comenza a cambiar a partir de 1950 ca constitución da Editorial Galaxia.

Actividades vencelladas á investigación de Carlos Casares

Cales foron os escritores mais destacados da xeneración de posguerra.

Cal foi o escritor que mais influíu na obra de Carlos Casares.

Cando cres que empezaron as publicacións en galego.

Cal foi a xeneración de escritores anterior a esta.

Actividades vinculadas ao coñecemento do contexto

Pescuda cal foi a primeira obra escrita en galego despois da guerra civil.

Pescuda sobre Editorial Galaxia.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

fai un debuxo sobre o día das letras galegas para facer un marcapaxinas.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha pequena redacción sobre a xeneración de escritores de posguerra.

Referencias bibliográficas.
Gran enciclopedia galega
Biblioteca virtual galega
Páx. Do concello de Ourense
Páx da Real Academia Galega
Wikipedia.
Fundación Carlos Casares.